



ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2020-2021

A Admisión do alumnado neste Centro para o curso 2020-2021 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

1.- NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- **Decreto 254/2012, do 13 de decembro**, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos... . (DOG 26/12/2012)

- **Orde do 12 de marzo de 2013**, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros sustentados con fondos públicos... . (DOG 15/03/2013).

- **Orde do 25 de xaneiro de 2017**, pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros sustentados con fondos públicos...(DOG 01/02/2017)

- **Instrucións da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O. U.**

2.- OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:

Cursos de Educación Infantil		Cursos de Educación Primaria	
Postos dispoñibles	(1)	Postos dispoñibles	(1)
Cuarto (3 anos)..... 44	6	Primeiro..... 0	..
Quinto (4 anos)..... 1	..	Segundo..... 0	..
Sexto (5 anos)..... 0	..	Terceiro..... 0	..
		Cuarto 0	..
		Quinto 2	..
		Sexto 0	..

(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art. 3 da Orde do 12 de marzo de 2013, DOG d0 15)

3.- ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia deste Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio ou do centro de traballo, é a que figura no mapa de zonas educativas proporcionado polo Concello.

Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o Centro está adscrito ao **IES Monelos**.

4.- XORNADAS DE PORTAS ABERTAS PARA E. INFANTIL

Co obxecto de que as familias interesadas en solicitar praza poidan coñecer o noso Centro, este ano teremos a seguinte sesión de portas abertas:

➤ **LUNS, 9 DE MARZO DE 2020 , ás 16:30 horas.**

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial (a recoller en conserxería ou descargar no portal da Consellería de Educación), poderanse cubrir online en <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/> e asinalas en Sede Electrónica, ou ben cubrilas manualmente e presentalas na Secretaría do Colexio **do 1 ao 23 de marzo**, debendo ir acompañadas do DNI do alumno/a, do libro de familia ou documentación acreditativa do requisito de idade do/a alumno/a.

No caso de optar a un curso de Primaria, deberán achegar tamén certificación de matrícula do centro de procedencia.

En caso de separación xudicial ou divorcio, deberán presentar o convenio regulador ou resolución xudicial.

En caso de optar a unha praza reservada para alumnado con NEAE deberán facelo constar no Anexo II e achegar a documentación xustificativa.

Presentarase a documentación orixinal e as correspondentes copias para ser compulsadas no centro.

6.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS

O prazo de presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremación é do 26 de marzo ao 3 de abril. Porén, para facilitar trámites e viaxes ao centro, poderán achegala coa solicitude.

Só será necesario presentar a documentación relativa aos criterios de: domicilio fiscal, renda, condición de familia numerosa e discapacidade do/a alumno/a, do proxenitor/a, do titor/a ou dos irmáns cando a persoa interesada denegue a consulta automática de datos (art.17.1)

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. **A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.**

7.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

- **Antes do 25 de abril:** Publicación da resolución **provisional** de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do Centro no prazo de cinco días hábiles.

- **Antes do 15 de maio:** Publicación da resolución **definitiva** de admitidos e non admitidos. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o responsable da Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

8.- PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O alumnado admitido no Centro formalizará a súa matrícula na Secretaría do Centro, **do 20 ao 30 de xuño**. Se finalizado o prazo de matrícula non se tivese formalizado esta, teráselle por decaído no dereito á praza obtida.

9.- RECURSOS DOS QUE DISPÓN O CENTRO

Os servizos complementarios que ofrece o Centro son:

- Profesorado especialista en Ed. Infantil, Ed. Primaria, Ed. Física, Ed. Musical e Lingua Estranxeira: Inglés.
- Departamento de Orientación Escolar: Orientadora e profesorado especialista en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.
- Aulas de PT e AL.
- Aula de xogos de educación infantil.
- Aula de Música.
- Aulas con dotación TIC.
- Equipamento de ordenadores portátiles transportable para as aulas.
- Biblioteca. Dotada con ordenadores e tablets.
- Salón de Usos Múltiples.
- Pavillón Polideportivo cuberto e pechado.
- Ximnasio.
- Comedor Escolar.
- Parque Infantil.
- Patios exteriores de Ed. Infantil e Primaria.

10.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

10.1.- Transporte escolar.

Non existen rutas de transporte neste centro.

10.2.- Comedor Escolar.

Organizado e xestionado pola ANPA do Centro.

- Lexislación aplicable:

- . Decreto 132/2013, do 31 de xaneiro, polo que se regulan os comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 13/08/2013).

. Orde do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 05/03/07).

10.3.- Madrugadores (7:30 - 9:00h).

Organizado e xestionado pola ANPA do Centro.

10.4.- Outras actividades extraescolares (16:00 – 19:00h).

Organizado e xestionado pola ANPA do Centro. A ANPA informará durante o mes de setembro sobre as actividades que se poidan organizar.

- ✓ **Horario da ANPA:** Todos os días de 09:00 a 10:15 horas.
- ✓ **Teléfono ANPA:** 981905530
- ✓ **Web:** [www. anpacubela.es](http://www.anpacubela.es)
- ✓ **e-mail:** info@anpacubela.es

INFORMACIÓN IMPORTANTE

A solicitude será única e vinculante, poderase incluír ata seis centros, por orde de preferencia e presentarse no centro indicado no primeiro lugar. Estará asinada por calquera dos titulares da patria potestade. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

Darán lugar á perda do dereito de prioridade:

- * A presentación da solicitude fóra de prazo.
- * A presentación de máis dunha solicitude.
- * A presentación de solicitudes estando vinculado por reserva. A reserva ten carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude noutro centro, salvo renuncia expresa por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión.
- * As solicitudes que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumno/a.
- * As solicitudes que estean acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais.

A Coruña, a 28 de febreiro de 2020.

A secretaria

Vto. e Prace
A Directora,

Asdo.: M^a Victoria Esteban Riesco

Asdo.: M^a Jesús Rodríguez Eirís